



ISRAEL FLAMENBAUM, EXPERTO EN MITIGACIÓN DO ESTRÉS CALÓRICO



Onde radica o problema para a vaca á hora de enfrentarse ao estrés por calor?

Cando a vaca sofre de estrés calórico é porque as condicións ambientais son desfavorables. A vaca non pode perder a calor ao ambiente e empézase a quentar. Cando sucede isto, deixa de comer e deixa de producir para poder combater contra esa calor. Se o gandeiro quere evitar a caída na produción, debe axudarlle artificialmente a perder temperatura a través do arrefriado.

Despois de estar en España en diferentes ocasións, como ve as instalacións españolas en canto ao control dos efectos do estrés por calor?

As instalacións en España son moi boas, son moi avanzadas e permiten a instalación de sistemas de arrefriamento.

Como valora o impacto do estrés por calor nas ganderías españolas?

Hoxe en día, en gran parte de España, existe a conciencia de que hai que facer algo contra o estrés calórico.

Os gandeiros notan cada ano polo verán que a produción baixa e que a fertilidade das vacas se reduce, entón fan o intento de arrefrialas, pero practicamente hai moi poucas granxas españolas que saiban facelo ben. Cos meus 40 anos de experiencia no tema, o meu papel é axudar aos gandeiros en España, como noutras partes do mundo, a facer as cousas ben e a ter bos resultados.

"O estrés por calor sácalle ao gandeiro do seu peto un 30 % da ganancia por vaca e ano"

Israel Flamenbaum conta con máis de corenta anos de experiencia no estudo de sistemas de mitigación de estrés por calor en granxas de vacún leiteiro. Aproveitamos a súa última visita a España, co fin de participar nunha xornada de DeLaval na localidade toledana de Talavera la Nueva, para que nos explicase as causas deste problema, os seus principais efectos nos animais e na xestión das explotacións, e as súas posibles solucións.

Cal é a súa visión do estrés por calor e como o definiría?

O estrés por calor é unha situación na que se atopa a vaca cando non pode disipar a alta cantidade de calor que xera no seu metabolismo. Unha vaca leiteira crea 2.000 *watts* de calor e non os pode eliminar sen axuda do gandeiro.

As consecuencias de que as vacas sufran de estrés calórico son o incremento na súa temperatura corporal e a diminución do seu desenvolvemento en produción e en fertilidade. Para mitigar a calor, a vaca baixa o seu consumo de alimento e realiza certos comportamentos que van en contra da súa produtividade. Para evitalo, utilizamos o arrefriado.



Sistema de arrefriamento instalado na liña de comedeiro e na zona de descanso



Arrefriado na sala de espera do robot

Na zona norte de España, onde se atopa máis do 50 % da produción láctea española, non se rexistran altas temperaturas, pero pode existir igualmente o estrés por calor?

Si. O ano pasado visitamos o norte de España e a invitación chegounos porque existe un problema, un problema que hai que resolver. No norte temos condicións menos estresantes polo clima e, aínda que as consecuencias son de menor nivel, hai que tratalas de igual forma. No centro e no sur a situación é moito máis grave.

Ante o cambio climático, notou nos seus 40 anos de experiencia efectos deste cambio no estrés por calor?

O efecto negativo do estrés calórico na vaca é unha combinación de dous factores principais: un é a calor ambiental e outro é a que xera a vaca. Desde o punto de vista do cambio climático, a situación non é tan grave, porque non hai un cambio moi grande nas temperaturas medias, hai máis acon-

tecementos extremos. Desde o punto de vista da vaca, si que hai unha gran diferenza.

Nos últimos 20 anos, a vaca europea duplicou a súa produción e isto implicou tamén unha duplicación da xeración de calor. Este é o problema máis grave: canto máis leite produce a vaca, máis calor xera e máis ten que disipar. Neste tempo, as vacas aumentaron moito a súa produción, aspecto que é moi bo, pero desenvolveron ademais un problema: a súa susceptibilidade á calor.

Que estratexias recomenda para mitigar o estrés por calor?

Principalmente usamos a combinación de duchas con ventilación forzada na sala de espera para o muxido, na liña do comedeiro ou nas zonas de descanso. En segundo lugar, disipamos a calor arrefriando as vacas varias horas ao día, non como se fai hoxe en día en España, que non se lles dá suficiente tempo de arrefriado.

► CANTO MÁIS LEITE PRODUCE A VACA, MÁIS CALOR XERA E MÁIS TEN QUE DISIPAR

Tradicionalmente púxose o foco en controlar os efectos de altas temperaturas en animais en lactación, hoxe vemos certo cambio cara ás vacas secas ou en transición. Que grupos priorizaría á hora de establecer esta estratexia?

Non cabe dúbida de que as vacas que máis sofren de estrés calórico son as acabadas de parir e as que están no principio da súa lactación, pero séguenlle en importancia as vacas que están moi próximas ao parto. Estas últimas son animais que non están en produción, pero que están a desenvolver un feto e que dentro dun mes van dar leite; eu inclúoas dentro da miña recomendación.

Ante o investimento que supón implantar este tipo de estratexias, cal sería a súa recomendación para os gandeiros?

Facer o que lles recomendo.

Desde o punto de vista económico, como afecta e que consecuencias pode ter o estrés por calor na rendibilidade das explotacións?

Este é o punto máis importante. Máis que nada é un problema económico, o estrés por calor sácalle ao gandeiro do seu peto un 30 % da súa ganancia por vaca/ano e o investimento en sistemas de arrefriamento pode eliminar estas perdas cun custo moi baixo. A súa instalación é un dos investimentos máis rendibles nunha granxa leiteira e o gasto recupérase nun ano, como máximo en dous. ■